



PROJETO PELA QUALIDADE NA DOCÊNCIA DA LP - Língua Portuguesa na Galiza

**A ASOC. DE MÃES E PAIS DO ALUNADO DE ENSINO SECUNDÁRIO DO
CENTRO**

do concelho de

E a/o representante legal:

com DNI

EXPOMOS:

1. Que o professorado de português do nosso Centro pode vir a precisar pessoas que o substituam por diferentes causas (baixas médicas, permisos de formação...).
2. Que, ao não ter sido convocado ainda um processo seletivo próprio para a matéria de Português Língua Estrangeira no ensino secundário galego, a listagem de substituição de professorado específico de português é reduzida e esgota-se rapidamente.
3. Que quando isto aconteceu a Administración tem recorrido à listagem de professorado substituto de secundário de Língua Galega e Literatura e atribuí ao nosso Centro, como ao resto de centros de ensino secundário da Galiza, pessoal substituto que, na maioria das vezes, não está qualificado porquanto o critério de atribuição vigente é a ordem que esta/este profissional ocupa na listagem, sem ter em consideração a sua capacitação real na matéria de Língua Portuguesa.
4. Que este profissional substituto sem proficiência em muitas ocasiões não é capaz de dar as aulas, resultando na privação ao alumnado da continuação da sua aprendizagem na matéria escolhida, nomeadamente a Língua Portuguesa. Portanto, a substituição docente nesta matéria faz-se dum jeito totalmente incoerente com o requerido pela própria Administração, por exemplo, para ministrar esta matéria de Língua Portuguesa num

A/C José Manuel Pinal Rodríguez, director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

centro privado ou mesmo para ser docente substituto de outras línguas estrangeiras no Ensino Público.

5. Que o resultado deste procedimento incoerente e ineficaz é um atranco real na implantação da aprendizagem desta língua estrangeira para o nosso alunado de Ensino Secundário, língua que, pela enorme proximidade com o galego, resulta uma vantagem para os nossos filhos e filhas no seu futuro profissional, que o Governo Galego reconhece e recolhe na LEI 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.
6. Que a atribuição de pessoal substituto sem formação em português, provoca a desmotivação do alunado, estragando o trabalho do professorado titular e mesmo da direção dos Centros ao provocar baixas constatáveis nas inscrições de novo alumnado.
7. Que este procedimento administrativo da Conselharia de Educação **incumpre** a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de dezembro, para a mellora da calidade educativa. LOMCE e o bom aproveitamento dos vínculos coa lusofonia a que também está legalmente comprometido o Governo Galego como dispõe a LEI 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.
8. Que, ademais, deixar ao arbítrio de um trabalhador ou trabalhadora que está em listagem de substituição e, na maior parte dos casos, em situação de desemprego e precariedade laboral, a aceitação ou não aceitação de um posto de trabalho oferecido pela Administração, constitui um desleixo por parte desta nas suas funções reguladoras bem como um incumprimento dos princípios de igualdade, mérito e capacidade que regem a norma en matéria de contratación pública.



PROJETO PELA QUALIDADE NA DOCÊNCIA DA LP - Língua Portuguesa na Galiza

9. Que as Direções dos Centros exijam um perfil de professorado substituto “especialista em língua portuguesa” para cobrir os lugares vacantes nesta matéria ou nas da seção bilíngue em português.

POR TODO O EXPOSTO REQUEREMOS:

Que, enquanto não se ordene um processo seletivo próprio para o professorado de ensino secundário **em Língua estrangeira-Português, se estabeleça um regulamento coerente sobre os critérios para atribuir professorado substituto** nesta matéria, a fim de garantir a máxima qualidade educativa, **dispondo uma ordem de nomeamento baseada em méritos formativos, de acordo à titulação oficial acreditada.**

Em _____, de _____ de 2018

Assinatura

A/C José Manuel Pinal Rodríguez, director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Edif. admvo. de San Caetano s/n 15781 Santiago de Compostela



PROXECTO PELA CALIDADE NA DOCENCIA DA LP - Língua Portuguesa na Galiza

**A ASOC. DE NAIS E PAIS DO ALUNADO DE ENSINO SECUNDÁRIO DO
CENTRO
do concello de**

E a/o representante legal:

con DNI

EXPOMOS:

1. Que o profesorado de portugués do noso centro pode precisar substitucións por diferentes causas (baixas médicas, permisos de formación, etc.).
2. Que, ao non ter sido convocado aínda un proceso selectivo propio para a materia de Lingua estranxeira-portugués no ensino secundario galego, a listaxe de substitución de profesorado específico de portugués é de tamaño reducido e esgótase rapidamente.
3. Que cando isto acontece a Administración ten recorrido á listaxe de profesorado substituto de secundaria de Lingua e literatura galega e asigna ao noso centro, como ao resto de centros de ensino secundario de Galiza, persoal substituto que, na maioría das veces, non está cualificado xa que o criterio de asignación vixente é a orde que esta/este profesional ocupa na listaxe, sen ter en consideración a súa capacitación real na materia de Lingua estranxeira-portugués.
4. Que este profesional substituto, sen proficiencia en moitas ocasións, non é capaz de dar as aulas, coa conseguinte privación ao alumnado de continuar aprendendo a materia escollida, concretamente a lingua portuguesa. Así pois, a substitución docente nesta materia realízase dun xeito totalmente incoherente co requirido pola propia Administración, por exemplo, para impartir esta materia de Lingua estranxeira-portugués

A/C José Manuel Pinal Rodríguez, director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



PROXECTO PELA CALIDADE NA DOCENCIA DA LP - Língua Portuguesa na Galiza

nun centro privado ou mesmo para ser docente substituto doutras linguas estranxeiras no Ensino Público.

5. Que o resultado deste procedemento incoherente e ineficaz é un atranco real na implantación da aprendizaxe desta lingua estranxeira para o noso alumnado de Ensino Secundario. O portugués, pola súa enorme proximidade co galego, é unha vantaxe para os nosos fillos e fillas no seu futuro profesional, beneficio que o Goberno galego reconece e recolle na LEI 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.
6. Que a asignación de persoal substituto sen formación en portugués provoca a falta de motivación do alumnado, estragando o traballo do profesorado titular e mesmo da dirección dos centros ao provocar baixas constatables na inscrición de novo alumnado.
7. Que este procedemento administrativo da Consellería de Educación **incumpre** a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) e, por outro lado, **incumpre** tamén a LEI 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, coa que tamén está legalmente comprometido o Goberno galego.
8. Que deixar ao arbitrio dun traballador ou traballadora que está na listaxe de substitución e, na maior parte dos casos, en situación de desemprego e precariedade laboral, a aceptación ou o rexeitamento dun posto de traballo ofrecido pola Administración, constitúe un desleixo por parte desta nas súas funcións reguladoras así como un incumprimento dos principios de igualdade, mérito e capacidade que rexen a norma en materia de contratación pública.

A/C José Manuel Pinal Rodríguez, director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



PROJETO PELA QUALIDADE NA DOCÊNCIA DA LP - Língua Portuguesa na Galiza

9. Que a dirección dos centros esixa un perfil de profesorado substituto “especialista en lingua portuguesa” para cubrir as prazas vacantes nesta materia ou nas da sección bilingüe en portugués.

POR TODO O EXPOSTO REQUEREMOS:

Que, en canto non se ordene un proceso selectivo propio para o profesorado de Ensino Secundario en **Língua estranxeira-portugués**, se estableza un **regulamento coherente sobre os criterios para asignar profesorado substituto** nesta materia, co obxectivo de garantir a máxima calidade educativa, **dispondo unha orde de nomeamento baseada en méritos formativos, de acordo á titulación oficial acreditada.**

En _____, de _____ de 2018

Sinatura

A/C José Manuel Pinal Rodríguez, director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Edif. admvo. de San Caetano s/n 15781 Santiago de Compostela